

1 de outubro do 2024

## Día Internacional das Persoas de Idade

# DECÁLOGO

O día 1 de outubro, a Federación de Pensionistas e Xubilados de CCOO de Galicia celebra o Día Internacional das Persoas de Idade e traslada aos gobernos dos diferentes ámbitos o seguinte DECÁLOGO REIVINDICATIVO, no que esixen:

**1** O incremento do gasto sanitario público ata, polo menos, o 7,5 % do PIB e do gasto en atención primaria ata o 25 % do total, para garantir políticas públicas en materia de promoción da saúde que fomenten o envellecemento activo.

**2** A ampliación e mellora da carteira común de servizos do Sistema Público de Saúde acorde coas necesidades actuais das persoas maiores, ofertando servizos de xeriatria, saúde bucodental e auditiva, sen esquecer a saúde mental.

**3** Garantir a atención domiciliaria ás persoas dependentes que o desexen, reforzando os servizos públicos de apoio e a accesibilidade das vivendas; tamén a atención residencial pública, incrementando o número de prazas para as que non poden ou non queren permanecer no seu fogar.

**4** Mellorar as condicións de traballo e incrementar as *ratios* das persoas que coidan. As Administracións públicas deben garantir o cumprimento das condicións da licenza de funcionamento das residencias.

**5** Unha lei integral estatal dos dereitos das persoas maiores, que garanta a súa protección específica nas materias de saúde, vivenda, protección social e económica, cultural e do ocio, así como a súa participación activa en todos os ámbitos da sociedade.



**6** Seguir garantindo pensións dignas e suficientes e seguir incrementando as máis baixas, segundo o acordado no diálogo social, tendo en conta as importantes fendas de xénero existentes.

**7** Ampliar e reforzar os bonos sociais —que palían a pobreza enerxética das persoas vulnerables— coa revisión dos criterios de acceso e facilitar a súa xestión.

**8** Promover a inclusión dixital das persoas maiores para que non queden illadas da transformación dixital por motivos económicos nin por falta de capacitación.

**9** Solucionar a discriminación que sofren as persoas maiores no acceso aos servizos bancarios, adecuando o servizo e os seus custos ás súas necesidades.

**10** Recuperar o Consello Galego das Persoas Maiores como órgano consultivo da Xunta de Galicia para a participación na programación e prestación dos servizos sociais que lles afecten.

As persoas pensionistas e xubiladas de CCOO de Galicia mobilizámonos, chamaremos o conxunto da sociedade e concorreremos con ela para participar nas mobilizacións que persigan os mesmos obxectivos, se non se atenden as nosas xustas reivindicacións.